

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



9ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 2 DE AGOSTO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:20 horas do día 2 de agosto de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 31 de xullo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. José Riesgo Boluda
D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe (asiste aos puntos 2a e 3a)
D^a. María José Loureiro (asiste aos puntos 8a e 9a)
D. Luis García Álvarez (asiste aos puntos 8b e 9b)
D. Álvaro Crespo Casal (asiste ao punto 11a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 26 de xullo de 2017

Non se aproba por falta de quórum.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de información cidadá a través do teléfono 010 (3.574-321) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 26 de xullo de 2017, o 27 de xullo, se concedeu un prazo de tres días hábiles a OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L. para que emendase a documentación persoal. No prazo concedido, o 1 de agosto de 2017, o citado licitador presentou documentación. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

a) Admitir neste procedemento a OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L.

3.- Apertura da documentación técnica



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 17:44	Páxina 1 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A241-895BEH-21C82H-J9GJ9N-ZAASUT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de información cidadá a través do teléfono 010 (3.574-321)

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos.

Asisten á apertura D. Pablo Rodríguez Sánchez, con DNI 76.828.566-X e D^a. Lucía Vaquero Otero, con DNI 77.418.459-E, ambos en representación de CONTACTNOVA, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudio sita no edificio auditorio-pazo de congresos (18.664-332) (sobre B)

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación de data 31 de xullo, o modificado na data 1 de agosto, así como o informe definitivo de data 2 de agosto de 2017, entregado na propia sesión aos membros presentes, de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da concellería delegada de mobilidade e seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal (16.863-541) (sobre B)

Entrégase o informe asinado polo tesoureiro municipal o 26 de xullo de 2017 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudio sita no edificio auditorio-pazo de congresos (18.664-332) (sobre B)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación o 2 de agosto de 2017 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da concellería delegada de mobilidade e seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal (16.863-541) (sobre B)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 17:44	Páxina 2 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A241-895BEH-21C82H-J9GJ9N-ZAASUT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo tesoureiro municipal o 26 de xullo de 2017 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de decoración luminosa do nadal (4.384-106)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de decoración luminosa do nadal (4.384-106)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 13 de xullo de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de decoración luminosa do nadal, para persoas con mobilidade reducida en dous areas do concello de Vigo na seguinte orde descendente:

	LICITADOR	TOTAL
1	ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A.	88,6
2	CREACIONES LUMINOSAS, S.L.	35,35

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
4. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A., o día 17 de xullo de 2017, que presenta a documentación requirida o 20 de xullo de 2017, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 2 de agosto de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 23 de xuño e 10 de xullo de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 17:44	Páxina 4 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A241-895BEH-21C82H-J9GJ9N-ZAASUT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de decoración luminosa do Nadal por un prezo total do contrato é de 636.609,73 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 110.485,99 euros e coas seguintes melloras:

1. *Incremento da altura da árbore a instalar na Porta do Sol: 5 m.*
2. *Incorporación musical ao sistema luminotécnico da árbore do Nadal*
3. *Incremento do número de motivos en relación cos incluídos no anexo II do PPT na cantidade de 80 unidades, coa seguinte distribución:*

MOT-09	16
MOT-57	16
MOT-49	12
MOT-11	12
MOT-23	4
MOT-12	4
MOT-14	4
MOT-41	4
MOT-21	4
MOT-06	4

4. *Incrementa o número de arcos en relación cos incluídos no anexo II do PPT, sendo a superficie lumínica destes de 786,24 m².*
5. *Comprométese a iluminar 25 árbores ou elementos naturais existentes e distribuídos en distintos puntos da cidade.*
6. *Comprométese á colocación de rótulos luminosos a catro caras na parte alta da torre da Casa Consistorial do Concello de Vigo, sendo a superficie a iluminar de 92 m².*
7. *Instalación dos seguintes elementos complementarios para o acto do acendido da iluminación do Nadal a realizar na Porta do Sol:*
 - *Pantalla Led*
 - *Equipo de son*
 - *Iluminación robótica*
8. *Incrementa o stock de seguridade esixido no prego nun 5%.*



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 01/06/2024 17:44

Páxina 5 de 6

ACTAS PERFIL CONTRATANTE

CSV: A2A241-895BEH-21C82H-J9GJ9N-ZAASUT-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 13:45 horas, logo dun receso de 20 minutos, entre as 13:20 e 13:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 17:44	Páxina 6 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A241-895BEH-21C82H-J9GJ9N-ZAASUT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		